



Boletín Oficial

Provincia de Ourense



N.º 47 · Luns, 25 febreiro 2019

Dep. legal: OR-1/1958 · Franqueo concertado 30/2

SUMARIO

I. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

Aprobación definitiva da Ordenanza reguladora do servizo provincial de asistencia a entidades locais en materia de rega e baldeo de espazos públicos locais	2
Decreto da Presidencia do 13.02.2019 sobre concellos adheridos ao "Programa provincial de cooperación cos concellos en materia de mocidade para o exercicio 2019"	8
Decreto da Presidencia do 13.02.2019 de exclusión de solicitante como posible beneficiario das subvencións para o fomento das actividades escénicas e musicais	8
Decreto da Presidencia do 12.02.2019, de inclusión de solicitante como posible beneficiario das subvencións para o fomento das actividades escénicas e musicais	8
Decreto do 18.02.2019, de levantamento das actas previas á ocupación e ao pago ou consignación dos depósitos previos da expropiación forzosa para a execución das obras de "Acondicionamento e mellora integral da OU-0521 Cabeanca (OU-0526)-Trasalba (OU-0522)", clave: 106/POS/2018, no concello de Ourense	9

II. ADMINISTRACIÓN XERAL DO ESTADO

Confederación Hidrográfica do Miño-Sil Comisaría de Aguas. Ourense Información pública de solicitude de concesión de aproveitamento de augas, expediente A/32/22973	10
-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	----

IV. ENTIDADES LOCAIS

Barco de Valdeorras (O) Delegación temporal das funcións da Alcaldía no primeiro tenente de alcalde	10
---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	----

V. TRIBUNAIS E XULGADOS

Xulgado do Social n.º 1 de Ourense Notificación de auto con data do 29.01.2019 a Logística Nusa, SL, na execución de títulos xudiciais 144/2018	11
Notificación de auto con data do 24.01.2019 a Biointención, SL, na execución de títulos xudiciais 123/2018	11
Xulgado do Social n.º 3 de Ourense Citación a Biointención, SL, para actos de conciliación e de xuízo, no procedemento ordinario 804/2018	12
Xulgado do Social n.º 4 de Ourense Notificación a Marketing And Bussiness Sucess España, SL, de auto con data 28/01/2019, no procedemento execución de títulos xudiciais 100/2018	13
Notificación de sentenza n.º 43/2019 a Seindra, Servicios y Mantenimiento, no procedemento 305/2018	13
Citación á entidade demandada Chester Orense, SL, para actos de conciliación e de xuízo, nos autos n.º PO 729/2018	14
Notificación sentenza do 25/1/2019, a Magna Gea Avia, SLU, no procedemento PO 733/2018 L	14
Notificación sentenza do 28/1/2019 a Sabah Maoukil, no procedemento PO 763/2018 L	15
Notificación de sentenza n.º 65/2019 a Carbatari Servicios Sociales Residenciales, no procedemento 780/2018	16

I. DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

Aprobación definitiva de la Ordenanza Reguladora del Servicio Provincial de Asistencia a Entidades Locales en Materia de Riego y Baldeo de Espacios Públicos Locales	5
Decreto de la Presidencia de 13.02.2019 sobre ayuntamientos adheridos al "Programa provincial de cooperación con los ayuntamientos en materia de juventud para el ejercicio 2019"	8
Decreto de la Presidencia de 13.02.2019, de exclusión de solicitante como posible beneficiario de las subvenciones para el fomento de las actividades escénicas y musicales	8
Decreto de la Presidencia de 12.02.2019, de inclusión de solicitante como posible beneficiario de las subvenciones para el fomento de las actividades escénicas y musicales	9
Decreto de 18.02.2019, de levantamiento de las actas previas a la ocupación y al pago o consignación de los depósitos previos de la expropiación forzosa para la ejecución de las obras de "Acondicionamiento y mejora integral de la OU-0521 Cabeanca (OU-0526)-Trasalba (OU-0522)", clave: 106/POS/2018, en el ayuntamiento de Ourense	9

II. ADMINISTRACIÓN GENERAL DEL ESTADO

Confederación Hidrográfica del Miño-Sil Comisaría de Aguas. Ourense Información pública de solicitud de concesión de aprovechamiento de aguas, expediente A/32/22973	10
------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	----

IV. ENTIDADES LOCALES

Barco de Valdeorras (O) Delegación temporal de las funciones de la Alcaldía en el primer teniente de alcalde	11
------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	----

V. TRIBUNALES Y JUZGADOS

Juzgado de lo Social n.º 1 de Ourense Notificación de auto con fecha de 29.01.2019 a Logística Nusa, SL, en la ejecución de títulos judiciales 144/2018	11
Notificación de auto con fecha del 24.01.2019 a Biointención, SL, en la ejecución de títulos judiciales 123/2018	12
Juzgado de lo Social n.º 3 de Ourense Citación a Biointención, SL, para actos de conciliación y de juicio, en el procedimiento ordinario 804/2018	12
Juzgado de lo Social n.º 4 de Ourense Notificación a Marketing And Bussiness Sucess España, SL, de auto de fecha 28/01/2019, en el procedimiento ejecución de títulos judiciales 100/2018	13
Notificación de sentencia n.º 43/2019 a Seindra, Servicios y Mantenimiento, en el procedimiento 305/2018	14
Citación a la entidad demandada Chester Orense, SL, para actos de conciliación y de juicio, en los autos n.º PO 729/2018	14
Notificación sentencia de 25/1/2019, a Magna Gea Avia, SLU, en el procedimiento PO 733/2018 L	15
Notificación sentencia de 28/1/2019 a Sabah Maoukil, en el procedimiento PO 763/2018 L	15
Notificación de sentencia n.º 65/2019 a Carbatari Servicios Sociales Residenciales, en el procedimiento 780/2018	16



I. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

I. DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

Anuncio

A Corporación Provincial, na sesión do 21 de decembro de 2018, aprobou inicialmente a Ordenanza reguladora do servizo provincial de asistencia a entidades locais en materia de rega e baldeo de espazos públicos locais.

Unha vez sometida a información pública, mediante anuncio inserido no BOP n.º 4, do 5 de xaneiro de 2019, durante o prazo de 30 días hábiles, non se formulou ningunha alegación ou reclamación, quedando aprobada definitivamente, polo que se publica a continuación o texto íntegro da dita ordenanza:

Exposición de motivos

I. Os servizos de limpeza viaria son, dende sempre, competencias tradicionais dos municipios que hoxe veñen condicionados por normas estatais e autonómicas en materia de residuos urbanos.

O artigo 4.2 da Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia, considera os residuos procedentes da limpeza ordinaria de vías públicas, zonas verdes e áreas recreativas como residuos urbanos ou municipais (a Lei estatal 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados, fala de residuo doméstico). Polo tanto, ao ser considerado como residuo, o servizo destinado á súa limpeza englobase dentro do dereito de todos os españois a gozar dun medio ambiente adecuado para a persoa e do correlativo deber de conservalo (artigo 45 da Constitución) e a súa retirada e tratamento está vinculado polas normas vixentes nesta materia, tanto estatais (Lei 22/2011, do 28 de xuño, de residuos e solos contaminados, que traspón a Directiva 2008/98/CE do Parlamento Europeo e do Consello do 19 de novembro de 2008 sobre os residuos e o Real decreto lexislativo 1/2016, do 16 de decembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de prevención e control integrados da contaminación) como autonómicas (Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).

A preservación das condicións estéticas e sanitarias, de pulcritude e ornato da vía pública e o cumprimento dos principios de prevención, minimización, máximo aproveitamento, responsabilidade compartida, óptimo económico-ambiental, e todos os que, en xeral, deben rexer a sostibilidade das accións a realizar polas administracións públicas, de acordo cos compromisos internacionais, constitúen unha obriga dos poderes públicos, máis tamén dos cidadáns. En reforzo desta idea o artigo 65.3 da Lei 10/2008 contempla a posibilidade de que as ordenanzas municipais, como sanción nos supostos de infracción leve, substitúan a sanción pecuniaria por unha prestación persoal de servizos de limpeza na vía pública.

II. Os municipios teñen entre as súas competencias as de limpeza viaria (artigo 26.1.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, en adiante LRBRL) como servizo de carácter obrigatorio. Doutra banda, entre as competencias propias das deputacións provinciais está a da prestación de asistencia técnica e económica aos concellos para a prestación dos seus servizos (artigo 36.1.b) da LRBRL).

III. Ao contrario do varrido de rúas, que se remonta a tempos antigos, o baldeo, tal e como se concibe actualmente, é un tratamento de limpeza relativamente recente. O baldeo de rúas con auga a baixa ou media presión está considerado como o instrumento de limpeza máis eficaz que poida utili-

zarse nas rúas dunha cidade. A auga arrastra todos os residuos que se encontran sobre os pavimentos, incluso os de menor granulometría, ata os embornais ou sumidoiros. Isto é porque parte dos residuos viarios están constituídos por po, que contén partículas de metais pesados, derivados do benceno producidos polos automóviles, a industria ou as calefaccións, polos excrementos de animais, por graxas de diversos orixes, etcétera. Todos estes elementos teñen efectos medioambientais negativos e ningún pode retirarse completamente co tratamento de varrido. Recorrer ao uso da auga é un dos elementos útiles para que a súa eliminación sexa definitiva. O emprego da auga, nas cantidades precisas para obter un adecuado nivel de limpeza, non pode considerarse nin un capricho nin un luxo, senón unha necesidade medioambiental, porque alcanza ao campo da hixiene e da saúde, que pode previr ou reducir a incidencia de determinadas alerxias e enfermidades bronquiais e respiratorias. Tamén as redes de evacuación de augas residuais se benefician, sobre todo en épocas de chuvias escasas, cando a auga empregada no baldeo corre polas súas conducións, arrastrando os residuos, repondo os peches sinfónicos e eliminando malos cheiros.

IV. A presente ordenanza regula a prestación do servizo de asistencia a entidades locais da provincia (na súa modalidade de asistencia técnica e tamén económica, dado que os prezos públicos regulados son inferiores aos custos do servizo, representando unicamente o 50 % do custo determinado no estudo económico realizado pola Área de Medio Ambiente) consistente na posta a disposición destas entidades do sistema de limpeza consistente na proxección de auga a presión contra os residuos depositados na superficie viaria co obxecto de arrincalos e transportalos pola corrente de auga ata os embornais do sumidoiro máis próximo. A auga pode provir dunha manguera conectada á rede de rega da cidade, caso no que se denomina baldeo manual; das tobeiras dun vehículo cisterna con bomba de presión, baldeo mecánico; ou ben, dunha manguera conectada a un vehículo deste tipo, baldeo mixto.

A Deputación Provincial de Ourense conta cun vehículo cisterna de rega e baldeo de 8000 litros de capacidade apto para este uso.

V. O mandato normativo de prestación de asistencia aos municipios (en particular, no referente a servizos de carácter obrigatorio, como é a limpeza viaria) xustifica o cumprimento dos principios de necesidade, eficacia e proporcionalidade esixidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. En cumprimento dos principios de seguridade xurídica e eficiencia, os trámites establecidos pola ordenanza baséanse na singularidade da materia e na actividade propia dos entes locais sen que supoñan a esixencia de cargas administrativas innecesarias ou irracionais.

VI. A ordenanza ten catro artigos. Debido á súa escasa extensión non se considera necesario a división en títulos. No artigo primeiro defínese o seu obxecto e establécense as definicións para os efectos da regulación establecida. No artigo segundo régulase o contido do servizo. O artigo terceiro regula a forma na que as entidades locais interesadas poden acceder ao servizo e o artigo cuarto fixa os prezos públicos a aplicar e a súa forma de devindicación. A ordenanza contén unha disposición derogatoria e unha disposición derradeira relativa á entrada en vigor.



VII. Esta ordenanza dítase sobre a base no establecido no artigo 36.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 109 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora das administracións local de Galicia.

VIII. A presente ordenanza non ten un impacto significativo na actividade económica nin lles impón obrigas relevantes aos destinatarios (propiamente, non impón ningún tipo de obriga, dado que o acceso ao servizo é totalmente voluntario para as entidades locais), polo que, de conformidade co establecido no artigo 133.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a súa tramitación non esixe o trámite de consulta pública previa.

As posibles suxestións da cidadanía incorporaranse, de ser o caso, no trámite de información pública tras a aprobación inicial cumprindo, con ambos os dous trámites, o principio de transparencia establecido no artigo 133 da Lei 39/2015.

Artigo 1.- Obxecto e definicións

1.- Constitúe o obxecto desta ordenanza a regulación do servizo público provincial de asistencia a entidades locais consistente na rega e baldeo de espazos públicos locais realizada mediante un vehículo cisterna manexado por un condutor.

2.- O servizo provincial de asistencia en materia de rega e baldeo é un servizo público de titularidade da Deputación Provincial de Ourense, creado no exercicio das competencias de cooperación cos concellos atribuídas ao goberno provincial polos artigos 36.1.b) da Lei de bases de réxime local e 109.1.b) da Lei de administración local de Galicia.

3.- O obxecto e finalidade do dito servizo público é a prestación do servizo de rega e baldeo dos espazos públicos locais, en réxime de dereito público e a prol das entidades locais da provincia de Ourense que exerzan a súa competencia de limpeza da vía pública, calquera que sexa o modo de xestión deste servizo.

4.- Considéranse espazos públicos para os efectos de limpeza viaria as avenidas, paseos, rúas, beirarrúas, zonas peonís, travesías, camiños, pontes, túneles e resto de bens de uso público municipal destinados directamente ao uso común xeral dos cidadáns, incluídas as zonas con servidume de uso público. Tamén se inclúen as zonas e espazos públicos onde teñan lugar as distintas festas e acontecementos populares e as afectadas por mercados, feiras recreativas e tradicionais debidamente pavimentadas e cuxa limpeza sexa susceptible de realizarse con auga a presión.

Logo da solicitude previa específica do ente local, debidamente xustificada por razóns de interese público, poderán ser obxecto de limpeza outros espazos.

Artigo 2.- Contido do servizo provincial de asistencia en materia de rega e baldeo de espazos públicos.

1.- O servizo provincial de asistencia a entidades locais en materia de rega e baldeo de espazos públicos comprende a realización da prestación de baldeo dos ditos espazos mediante un vehículo cisterna manexado por un condutor, tanto con carácter ordinario como extraordinario con motivo de festexos, celebracións, probas deportivas ou calquera outro tipo de acto análogo.

2.- Non se inclúe no servizo a disposición dos hidrantes, o consumo da auga e a retirada e traslado a xestor autorizado dos residuos, que deberá realizar a entidade local interesada inmediatamente despois da súa extracción. A entidade local deberá

dispor dos medios materiais e humanos necesarios para estas tarefas, e coordinalos co servizo da Deputación.

Artigo 3.- Acceso ao servizo: prazos de solicitude e procedemento

1.- Para acceder ao servizo, a entidade local interesada deberá presentar unha solicitude previa dirixida á Presidencia da Deputación, a través do rexistro electrónico dispoñible na sede electrónica da Deputación Provincial (www.sede.depourense.es), na que se indicará o tipo de servizo solicitado e localizacións, segundo o anexo I.

2.- Deberá solicitarse, como mínimo, cunha antelación de vinte días hábiles á data na que se interese a actuación. Por razóns organizativas non se atenderán aquelas peticións cun intervalo menor, agás situacións de emerxencia ou urxencia debidamente xustificadas, imposibles de prever coa dita antelación.

3.- O procedemento resolverase mediante resolución da Presidencia que lle será debidamente notificada á entidade local a través de medios electrónicos. No suposto en que só se poida atender a un número inferior ao de solicitudes existentes, as entidades locais beneficiarias determinaranse por rigorosa orde cronolóxica de entrada no Rexistro Xeral Electrónico da Deputación.

Artigo 4.- Prezos públicos. Contía e modo de pago

1.- O prezo público establécese en 175,00 €/día (máis o IVE vixente en cada momento). No suposto de que o servizo se preste durante máis dun día consecutivo, o segundo día e seguintes facturaránse por xornada completa ou fraccións de media xornada.

2.- Será requisito necesario para a prestación do servizo o depósito previo do importe total do prezo público liquidado na conta corrente de titularidade provincial que se indique na resolución da Presidencia á que se refire o artigo 3.3 desta ordenanza, cunha antelación mínima de cinco días naturais á data prevista para o inicio da acción. No suposto en que a entidade local interesada non realice o ingreso nese prazo, entenderase que desiste da súa petición, cancelándose automaticamente a prestación do servizo.

Non obstante o anterior, quedan exceptuadas da obriga de depósito previo do prezo público as entidades locais que teñan delegada na Deputación Provincial a recadación dalgún dos seus tributos. Nestes casos, a Deputación procederá á retención das cantidades correspondentes da recadación líquida dos tributos municipais, entendéndose que a solicitude do servizo implica a conformidade para a realización da dita retención.

Disposición derogatoria

Queda derogada calquera disposición xeral de igual ou inferior rango xerárquico no que se opoña, contradiga ou resulte incompatible con esta ordenanza.

Disposición derradeira

Esta ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da publicación do seu texto íntegro no BOP, unha vez cumpridos os trámites establecidos na lexislación de réxime local.

Publicase isto e advírtese que contra o acordo de aprobación da presente ordenanza se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses. Os prazos indicados computaranse a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio.

Ourense, 19 de febreiro de 2019. O presidente.

Asdo.: José Manuel Baltar Blanco.

(Ver anexo páx. 4)

ANEXO I
Solicitud de prestación de servizo provincial de rega e baldeo

Datos da entidade solicitante			
Entidade:		NIF:	
Representante:			
Enderezo:		CP:	
Correo electrónico:			
Persoa de contacto		Teléfono:	

Solicita

A prestación do servizo de rega e baldeo a través da Deputación Provincial de Ourense, conforme coa *Ordenanza reguladora do servizo provincial de asistencia a entidades locais en materia de rega e baldeo de espazos públicos locais (BOP n.º __ do __/__/__)*, e de acordo cos datos que se expresan deseguido.

Actuacións	Datas
Puntuais	
Periódicas programadas	

Traballos para realizar:

--

Localización:

--

, de de 2

(Sinatura e selo do concello)

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

Diputación Provincial de Ourense

Anuncio

La Corporación Provincial, en la sesión del 21 de diciembre de 2018, aprobó inicialmente la Ordenanza Reguladora del Servicio Provincial de Asistencia a Entidades Locales en Materia de Riego y Baldeo de Espacios Públicos Locales.

Una vez sometida a información pública, mediante anuncio insertado en el BOP n.º 4, de 5 de enero de 2019, durante el plazo de 30 días hábiles, no se formuló ninguna alegación o reclamación, quedando aprobada definitivamente, por lo que se publica a continuación el texto íntegro de dicha ordenanza:

Exposición de motivos

I. Los servicios de limpieza viaria son, desde siempre, competencias tradicionales de los municipios que hoy vienen condicionados por normas estatales y autonómicas en materia de residuos urbanos.

El artículo 4.2 de la Ley 10/2008, de 3 de noviembre, de Residuos de Galicia, considera los residuos procedentes de la limpieza ordinaria común de vías públicas, zonas verdes y áreas recreativas como residuos urbanos o municipales (la Ley estatal 22/2011, de 28 de julio de Residuos y Suelos Contaminados, habla de residuo doméstico). Por lo tanto, al ser considerado como residuo, el servicio destinado a su limpieza se engloba dentro del derecho de todos los españoles a disfrutar de un medio ambiente adecuado para la persona y del correlativo deber de conservarlo (artículo 45 de la Constitución) y su retirada y tratamiento está vinculado por las normas vigentes en esta materia, tanto estatales (Ley 22/2011, de 28 de junio, de Residuos y Suelos Contaminados que traspone la Directiva 2008/98/CE del Parlamento Europeo y del Consejo de 19 de noviembre de 2008 sobre los residuos y el Real Decreto Legislativo 1/2016, de 16 de diciembre, por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley de Prevención y Control Integrados de la Contaminación) como autonómicas (Ley 10/2008, de 3 de noviembre, de Residuos de Galicia).

La preservación de las condiciones estéticas y sanitarias, de pulcritud y ornato de la vía pública y el cumplimiento de los principios de prevención, minimización, máximo aprovechamiento, responsabilidad compartida, óptimo económico-ambiental, y todos los que, en general, deben regir la sostenibilidad de las acciones a realizar por las administraciones públicas, de acuerdo con los compromisos internacionales, constituyen una obligación de los poderes públicos, pero también de los ciudadanos. En refuerzo de esta idea el artículo 65.3 de la Ley 10/2008 contempla la posibilidad de que las ordenanzas municipales, como sanción en los supuestos de infracción leve, sustituyan la sanción pecuniaria por una prestación personal de servicios de limpieza en la vía pública.

II. Los municipios tienen entre sus competencias las de limpieza viaria (artículo 26.1.a) de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases de Régimen Local, en adelante LRBRL) como servicio de carácter obligatorio. Por otro lado, entre las competencias propias de las diputaciones provinciales está la de la prestación de asistencia técnica y económica a los ayuntamientos para la prestación de sus servicios (artículo 36.1.b) de la LRBRL).

III. Al contrario del barrido de calles, que se remonta a tiempos antiguos, el baldeo, tal y como se concibe actualmente, es un tratamiento de limpieza relativamente reciente. El baldeo de calles con agua a baja o media presión está considerado como el instrumento de limpieza más eficaz que pueda utilizarse en las calles de una ciudad. El agua arrastra todos los

residuos que se encuentran sobre los pavimentos, incluso los de menor granulometría, hasta los embornales o alcantarillas. Esto es porque parte de los residuos viarios están constituidos por polvo, conteniendo partículas de metales pesados, derivados del benceno producidos por los automóviles, la industria o las calefacciones, por los excrementos de animales, por grasas de diversos orígenes, etcétera. Todos estos elementos tienen efectos medioambientales negativos y ninguno puede retirarse completamente con el tratamiento de barrido. Recurrir al uso del agua es uno de los elementos útiles para que su eliminación sea definitiva. El empleo del agua, en las cantidades precisas para obtener un adecuado nivel de limpieza, no puede considerarse ni un capricho ni un lujo, sino una necesidad medioambiental, porque alcanza al campo de la higiene y de la salud, que puede prevenir o reducir el incidente de determinadas alergias y enfermedades bronquiales y respiratorias. También las redes de evacuación de aguas residuales se benefician, sobre todo en épocas de lluvias escasas, cuando el agua empleada en el baldeo corre por sus conducciones, arrastrando los residuos, reponiendo los cierres sinfónicos y eliminando malos olores.

IV. La presente ordenanza regula la prestación del servicio de asistencia a entidades locales de la provincia (en su modalidad de asistencia técnica y también económica, dado que los precios públicos regulados son inferiores a los costes del servicio, representando únicamente el 50 % del coste determinado en el estudio económico realizado por el Área de Medio Ambiente) consistente en la puesta a disposición de estas entidades del sistema de limpieza consistente en la proyección de agua a presión contra los residuos depositados en la superficie viaria con el objeto de arrancarlos y transportarlos por la corriente de agua hasta los embornales de la alcantarilla más próxima. El agua puede provenir de una manguera conectada a la red de arroyo de la ciudad, caso en el que se denomina baldeo manual; de las toberas de un vehículo cisterna con bomba de presión, baldeo mecánico; o bien, de una manguera conectada a un vehículo de este tipo, baldeo mixto.

La Diputación Provincial de Ourense cuenta con un vehículo cisterna de riego y baldeo de 8.000 litros de capacidad apto para este uso.

V. El mandato normativo de prestación de asistencia a los municipios (en particular, en lo referente a servicios de carácter obligatorio, como es la limpieza viaria) justifica el cumplimiento de los principios de necesidad, eficacia y proporcionalidad exigidos en el artículo 129 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas. En cumplimiento de los principios de seguridad jurídica y eficiencia, los trámites establecidos por la ordenanza se basan en la singularidad de la materia y en la actividad propia de los entes locales sin que supongan la exigencia de cargas administrativas innecesarias o irracionales.

VI. La ordenanza tiene cuatro artículos. Debido a su escasa extensión no se considera necesario la división en títulos. En el artículo primero se define su objeto y se establecen las definiciones para los efectos de la regulación establecida. En el artículo segundo se regula el contenido del servicio. El artículo tercero regula la forma en la que las entidades locales interesadas pueden acceder al servicio y el artículo cuarto fija los precios públicos a aplicar y su forma de devengo. La ordenanza contiene una disposición derogatoria y una disposición última relativa a la entrada en vigor.



VII. Esta ordenanza se dicta sobre la base en lo establecido en el artículo 36.1.b) de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local y 109 de la Ley 5/1997, de 22 de julio, Reguladora de la Administración Local de Galicia.

VIII. La presente ordenanza no tiene un impacto significativo en la actividad económica ni impone obligaciones relevantes a los destinatarios (propriadamente, no impone ningún tipo de obligación, dado que el acceso al servicio es totalmente voluntario para las entidades locales), por lo que, de conformidad con lo establecido en el artículo 133.4 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, su tramitación no exige el trámite de consulta pública previa.

Las posibles sugerencias de la ciudadanía se incorporarán, en su caso, en el trámite de información pública previa aprobación inicial cumpliendo, con ambos trámites, el principio de transparencia establecido en el artículo 133 de la Ley 39/2015.

Artículo 1.- Objeto y definiciones

1.- Constituye el objeto de esta ordenanza la regulación del servicio público provincial de asistencia a entidades locales consistente en el riego y baldeo de espacios públicos locales realizado mediante un vehículo cisterna manejado por un conductor.

2.- El servicio provincial de asistencia en materia de riego y baldeo es un servicio público de titularidad de la Diputación Provincial de Ourense, creado en el ejercicio de las competencias de cooperación con los ayuntamientos atribuidas al gobierno provincial por los artículos 36.1.b) de la Ley de Bases de Régimen Local y 109.1.b) de la Ley de Administración Local de Galicia.

3.- El objeto y finalidad de dicho servicio público es la prestación del servicio de riego y baldeo de los espacios públicos locales, en régimen de derecho público y a favor de las entidades locales de la provincia de Ourense que ejerzan su competencia de limpieza de la vía pública, cualquiera que sea el modo de gestión de este servicio.

4.- Se consideran espacios públicos a efectos de limpieza viaria las avenidas, paseos, calles, aceras, zonas peatonales, travesías, caminos, puentes, túneles y resto de bienes de uso público municipal destinados directamente al uso común general de los ciudadanos, incluidas las zonas con servidumbre de uso público. También se incluyen las zonas y espacios públicos donde tengan lugar las distintas fiestas y acontecimientos populares y las afectadas por mercados, ferias recreativas y tradicionales debidamente pavimentadas y cuya limpieza sea susceptible de realizarse con agua a presión.

Luego de la solicitud previa específica del ente local, debidamente justificada por razones de interés público, podrán ser objeto de limpieza otros espacios.

Artículo 2.- Contenido del servicio provincial de asistencia en materia de riego y baldeo de espacios públicos.

1.- El servicio provincial de asistencia a entidades locales en materia de riego y baldeo de espacios públicos comprende la realización de la prestación de baldeo de dichos espacios mediante un vehículo cisterna manejado por un conductor, tanto con carácter ordinario como extraordinario con motivo de festejos, celebraciones, pruebas deportivas o cualquiera otro tipo de acto análogo.

2.- No se incluye en el servicio la disposición de los hidrantes, el consumo del agua y la retirada y traslado a gestor autorizada de los residuos, que deberá realizar la entidad local interesada inmediatamente después de su extracción. La entidad local deberá disponer de los medios materiales y humanos

necesarios para estas tareas, y coordinarlos con el servicio de la Diputación.

Artículo 3.- Acceso al servicio: plazos de solicitud y procedimiento

1.- Para acceder al servicio, la entidad local interesada deberá presentar una solicitud previa dirigida a la Presidencia de la Diputación, a través del registro electrónico disponible en la sede electrónica de la Diputación Provincial (www.sede.depourense.es), en la que se indicará el tipo de servicio solicitado y localizaciones, según el anexo I.

2.- Deberá solicitarse, como mínimo, con una antelación de veinte días hábiles a la fecha en la que se interese la actuación. Por razones organizativas no se atenderán aquellas peticiones con un intervalo menor, excepto situaciones de emergencia o urgencia debidamente justificadas, imposibles de prever con dicha antelación.

3.- El procedimiento se resolverá mediante resolución de la Presidencia que será debidamente notificada a la entidad local a través de medios electrónicos. En el supuesto en que sólo se pueda atender a un número inferior al de solicitudes existentes, las entidades locales beneficiarias se determinarán por riguroso orden cronológico de entrada en el Registro General Electrónico de la Diputación.

Artículo 4.- Precios públicos. Cuantía y modo de pago

1.- El precio público se establece en 175,00 €/día (más el IVA vigente en cada momento). En el supuesto de que el servicio se preste durante más de un día consecutivo, el segundo día y siguientes se facturarán por jornada completa o fracciones de media jornada.

2.- Será requisito necesario para la prestación del servicio el depósito previo del importe total del precio público liquidado en la cuenta corriente de titularidad provincial que se indique en la resolución de la Presidencia a la que se refiere el artículo 3.3 de esta ordenanza, con una antelación mínima de cinco días naturales a la fecha prevista para el inicio de la acción. En el supuesto en que la entidad local interesada no realice el ingreso en ese plazo, se entenderá que desiste de su petición, cancelándose automáticamente la prestación del servicio.

No obstante lo anterior, quedan exceptuadas de la obligación de depósito previo del precio público las entidades locales que tengan delegada en la Diputación Provincial la recaudación de alguno de sus tributos. En estos casos, la Diputación procederá a la retención de las cantidades correspondientes de la recaudación líquida de los tributos municipales, entendiéndose que la solicitud del servicio implica la conformidad para la realización de dicha retención.

Disposición derogatoria

Queda derogada cualquier disposición general de igual o inferior rango jerárquico en lo que se oponga, contradiga o resulte incompatible con esta ordenanza.

Disposición última

Esta ordenanza entrará en vigor al día siguiente de la publicación de su texto íntegro en el BOP una vez cumplimentados los trámites establecidos en la legislación de régimen local.

Se publica esto y se advierte que, contra el acuerdo de aprobación de la presente ordenanza, se podrá interponer un recurso contencioso-administrativo ante el Tribunal Superior de Justicia de Galicia, en el plazo de dos meses. Los plazos indicados se computarán a partir del día siguiente al de la publicación de este anuncio.

Ourense, 19 de febrero de 2019. El presidente.

Fdo.: José Manuel Baltar Blanco.

(Ver anexo pág. 7)



Anexo I
Solicitud de prestación de servicio provincial de riego y baldeo

<i>Datos de la entidad solicitante</i>			
<i>Entidad:</i>		<i>NIF:</i>	
<i>Representante:</i>			
<i>Dirección:</i>		<i>CP:</i>	
<i>Correo electrónico:</i>			
<i>Persona de contacto</i>		<i>Teléfono:</i>	

Solicita

La prestación del servicio de riego y baldeo a través de la Diputación Provincial de Ourense, conforme con la Ordenanza Reguladora del Servicio Provincial de Asistencia a Entidades Locales en Materia de Riego y Baldeo de Espacios Públicos Locales (BOP n.º __ de __/__/__), y de acuerdo con los datos que se expresan a continuación.

<i>Actuaciones</i>	<i>Fechas</i>
<i>Puntuales</i>	
<i>Periódicas programadas</i>	

Trabajos a realizar:**Localización:**

, de de 2

(Firma y sello del ayuntamiento)

SR. PRESIDENTE DE LA DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

R. 457



Deputación Provincial de Ourense

Anuncio

Para os efectos oportunos, publícase a Resolución da Presidencia sobre concellos adheridos ao “Programa provincial de cooperación cos concellos en materia de mocidade para o exercicio 2019”, co seguinte teor literal:

“Decreto: Ourense, 13 de febreiro de 2019

Unha vez vistas as solicitudes de adhesión, e visto o período de prórroga establecido por acordo da Corporación Provincial, na sesión do 25 de xaneiro de 2019 e publicada no BOP número 31, do 6 de febreiro de 2019, ao “Programa provincial de cooperación cos concellos en materia de mocidade para o exercicio 2019” -cuxas bases reguladoras foron aprobadas pola Corporación provincial na sesión ordinaria do 28 de setembro de 2018 e publicadas definitivamente no BOP n.º 258, do 9 de novembro de 2018-, tendo en conta o informe favorable da técnico do Servizo de Investimentos, Contratación e Patrimonio e no uso das atribucións que me confire o ordenamento xurídico, acordei aprobar a adhesión ao “Programa provincial de cooperación cos concellos en materia de mocidade para o exercicio 2019” dos concellos que seguidamente relaciónanse, cos importes que se especifican para cada un deles:

Nome do beneficiario; Importe da subvención

Concello do Bolo; 6.000,00 €

Esta publicación substituirá á notificación individual para todos os efectos, ao abeiro do establecido no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Ourense, 15 de febreiro de 2019. O presidente.

Asdo.: José Manuel Baltar. Asinado electronicamente.

Diputación Provincial de Ourense

Anuncio

A los efectos oportunos, se publica la Resolución de la Presidencia sobre ayuntamientos adheridos al “Programa provincial de cooperación con los ayuntamientos en materia de juventud para el ejercicio 2019”, con el siguiente texto literal:

“Decreto: Ourense, 13 de febrero de 2019

Una vez vistas las solicitudes de adhesión, y visto el período de prórroga establecido por acuerdo de la Corporación Provincial, en la sesión de 25 de enero de 2019 y publicada en el BOP n.º 31, de 6 de febrero de 2019, al “Programa provincial de cooperación con los ayuntamientos en materia de juventud para el ejercicio 2019” -cuyas bases reguladoras fueron aprobadas por la Corporación Provincial en la sesión ordinaria de 28 de septiembre de 2018 y publicadas definitivamente en el BOP n.º 258, de 9 de noviembre de 2018-, teniendo en cuenta el informe favorable de la técnico del Servicio de Inversiones, Contratación y Patrimonio y en el uso de las atribuciones que me confiere el ordenamiento jurídico, acordé aprobar la adhesión al “Programa provincial de cooperación con los ayuntamientos en materia de juventud para el ejercicio 2019” de los ayuntamientos que seguidamente se relacionan, con los importes que se especifican para cada uno de ellos:

Nombre del beneficiario; Importe de la subvención

Ayuntamiento de O Bolo; 6.000,00 €

Esta publicación substituirá a la notificación individual a todos los efectos, al amparo de lo establecido en el artículo 45.1.b) de la Ley 39/2015, de 1 de octubre.

Ourense, 15 de febreiro de 2019. El presidente.

Fdo.: José Manuel Baltar. Firmado electrónicamente.

R. 446

Deputación Provincial de Ourense

De acordo coas bases da convocatoria de subvencións para o fomento de actividades escénicas e musicais para o ano 2019, publícase a seguinte Resolución da Presidencia con data 13 de febreiro de 2019:

Decreto: Ourense, 13 de febreiro de 2019

A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial, na sesión do día 23 de novembro de 2018, aprobou as bases reguladoras para o fomento das actividades escénicas e musicais para o ano 2019, publicadas no BOP n.º 283, do 12 de decembro de 2018.

Unha vez vista a solicitude de baixa presentada por don Senén Martín López, como presidente da Asociación Cultural Charanga do Cuco e, de acordo coa base 6ª da convocatoria, propónse a baixa do seguinte solicitante como posible beneficiario das subvencións para o fomento das actividades escénicas e musicais, dispoño:

A exclusión do seguinte solicitante como posible beneficiario das subvencións para o fomento das actividades escénicas e musicais:

Destinatario; CIF; actividade

Asociación Cultural Charanga do Cuco; G32242646; charanga Ourense, 13 de febreiro de 2019. O deputado delegado da Área de Facenda (delegación por Decreto do 16.07.2015).

Asdo.: Rosendo Luís Fernández Fernández.

Diputación Provincial de Ourense

De acuerdo con las bases de la convocatoria de subvenciones para el fomento de actividades escénicas y musicales para el año 2019, se publica la siguiente Resolución de la Presidencia de fecha 13 de febrero de 2019:

Decreto: Ourense, 13 de febrero de 2019

La Junta de Gobierno de esta Diputación Provincial, en sesión del día 23 de noviembre de 2018, aprobó las bases reguladoras para el fomento de las actividades escénicas y musicales para el año 2019, publicadas en el BOP n.º 283, de 12 de diciembre de 2018.

Una vez vista la solicitud de baja presentada por don Senén Martín López, como presidente de la Asociación Cultural Charanga do Cuco y, de acuerdo con la base 6ª de la convocatoria, se propone la baja del siguiente solicitante como posible beneficiario de las subvenciones para el fomento de las actividades escénicas y musicales, dispongo:

La exclusión del siguiente solicitante como posible beneficiario de subvenciones para el fomento de las actividades escénicas y musicales:

Destinatario; CIF; actividad

Asociación Cultural Charanga do Cuco; G32242646; charanga Ourense, 13 de febreiro de 2019. El diputado delegado del Área de Hacienda (delegación por Decreto de 16.07.2015).

Fdo.: Rosendo Luís Fernández Fernández.

R. 478

Deputación Provincial de Ourense

De acordo coa base 8ª da convocatoria de subvencións para o fomento de actividades escénicas e musicais para o ano 2019, publícase a seguinte Resolución da Presidencia con data 12 de febreiro de 2019:

**Decreto**

A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial, na sesión do día 23 de novembro de 2018, aprobou as bases reguladoras para o fomento das actividades escénicas e musicais para o ano 2019, publicadas no BOP n.º 283, do 12 de decembro de 2018.

Unha vez examinada, polo Negociado de Subvencións Nominativas, a solicitude presentada e visto que se axusta aos requisitos establecidos na convocatoria, polo exposto, dispoño:

A inclusión do seguinte solicitante como posible beneficiario das subvencións para o fomento das actividades escénicas e musicais:

Destinatario; DNI; actividade

Rubén Vilanova Romero; 4998 *; compañía de danza-teatro

*Publicación realizada de conformidade co disposto na D.A. 7ª da LO 3/2018 de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Ourense, 13 de febreiro de 2019. O deputado delegado da Área de Facenda (delegación por Decreto do 16.07.2015).

Asdo.: Rosendo Luís Fernández Fernández.

Diputación Provincial de Ourense

De acuerdo con la base 8ª de la convocatoria de subvenciones para el fomento de actividades escénicas y musicales para el año 2019, se publica la siguiente Resolución de la Presidencia de fecha 12 de febrero de 2019:

Decreto

La Junta de Gobierno de esta Diputación Provincial, en sesión del día 23 de noviembre de 2018, aprobó las bases reguladoras para el fomento de las actividades escénicas y musicales para el año 2019, publicadas en el BOP n.º 283, de 12 de diciembre de 2018.

Una vez examinada, por el Negociado de Subvenciones Nominativas, la solicitud presentada y visto que se ajusta a los requisitos establecidos en la convocatoria, por lo expuesto, dispongo:

La inclusión del siguiente solicitante como posible beneficiario de las subvenciones para el fomento de las actividades escénicas y musicales:

Destinatario; DNI; actividad

Rubén Vilanova Romero; 4998 *; compañía de danza-teatro

*Publicación realizada de conformidad con lo dispuesto en la D.A. 7ª de la LO 3/2018 de Protección de Datos Personales y Garantía de los Derechos Digitales.

Ourense, 13 de febreiro de 2019. El diputado delegado del Área de Hacienda (delegación por Decreto de 16.07.2015).

Fdo.: Rosendo Luís Fernández Fernández.

R. 479

Deputación Provincial de Ourense

Para os efectos oportunos, publícase o Decreto ditado polo deputado delegado de Cooperación, ao abeiro do decreto de delegación de competencias do presidente desta Deputación, con data 23 de maio de 2017 (BOP n.º 119, 26 de maio de 2017), relativo á expropiación forzosa para a execución das obras de:

Título: “Acondicionamento e mellora integral da OU-0521 Cabeanca (OU-0526) - Trasalba (OU-0522)”.

Clave: 106/POS/2018.

No concello de: Ourense.

“decreto”.- Ourense, 18 de febreiro de 2019

A Xunta de Goberno da Deputación de Ourense, na súa sesión ordinaria realizada o pasado 14 de decembro de 2018, adoptou

o acordo de declarar a “necesidade de ocupación, con carácter de urgente”, dos bens e dereitos afectados pola expropiación forzosa para a execución das obras cuxos datos se citan no parágrafo anterior, ao abeiro do disposto no artigo 22.5 da Lei 8/2013, de estradas de Galicia.

Unha vez visto o anteriormente exposto, e tendo en conta o disposto no artigo 52.2 da Lei de expropiación forzosa, acordei:

Que se proceda ao levantamento das “actas previas á ocupación e ao pago ou consignación dos depósitos previos”, ás horas e datas que se sinalan, citándose aos propietarios dos bens para ocupar, e calquera outro interesado no procedemento, para que se presenten no lugar indicado, podendo facer constar todos os extremos aos que se refire a regra 3ª do artigo 52.2 da Lei de expropiación forzosa.

Tamén se fai constar que, ata o momento da redacción das actas previas, os interesados poderán formular, por escrito, ante esta Deputación, alegacións, para os efectos unicamente de corrixir posibles erros na descrición dos inmobles afectados de urgente ocupación, así como examinar o expediente no que figuran as características das parcelas e o detalle dos bens obxecto de expropiación, cos seus dereitos e accesorios, e que a súa non comparecencia non impedirá que se redacten as actas oportunas.

Bens para ocupar, lugar, data e hora da redacción das actas previas

Lugar: Pazo Provincial da Deputación de Ourense. Sección de Patrimonio e Expropiacións.

Finca; Políg.; Parc.; Propietario; Cualificación; Dominio; Temporal; Cita

4; 95; 354; - Pilar Diz Álvarez; pastos; 48,71; 0,00; 14.03.19 11.00

26; 101; 65; - Pilar Diz Álvarez; monte baixo; 68,76; 0,00; 14.03.19 11.00

27; 95; 431; - María del Carmen Diz Álvarez; monte baixo; 1,58; 0,00; 14.03.19 11.20

28; 95; 432; - Antonio González Nájera; monte baixo; 6,12; 0,00; 14.03.19 11.30

Ourense, 18 de febreiro de 2019. O deputado delegado de Cooperación. Decreto de delegación (23.05.2017).

Asdo.: Pablo Pérez Pérez.

Diputación Provincial de Ourense

